

PREGUNTA ORAL SOBRE A CONCESIÓN DAS AXUDAS PARA NOVAS EMPRESAS DO “COMPOSTELA MÓVESE” DE 2017

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de xuño presentábase, por parte da concelleira da área de Desenvolvemento Económico, a convocatoria de axudas “Compostela Móvese”, cunha liña dedicada a novas empresas, á que se destinan 80.000 euros con cargo aos orzamentos de 2017, para aquelas iniciativas que comezaran a súa actividade entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de maio de 2017.


A convocatoria destas axudas foi aprobada na Xunta de Goberno do 9 de xuño e publicada no BOP do 16 de xuño de 2017, sinalando as contías (3.000 euros con carácter xeral e 5.000 euros para cooperativas de traballo asociado ou sociedades laborais e os prazos para a presentación de instancias, que remataba o 14 de xullo de 2017, e de presentación da documentación na fase de xustificación que ía do 1 ao 31 de outubro de 2017.

Nas bases que rexen a convocatoria sinálase que “o procedemento se resolverá no prazo máximo de catro meses a partir da data límite de presentación de solicitudes” e que “para os efectos do previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no referente a publicidade, o Concello facilitará o soporte gráfico que publicite a concesión da subvención, soporte que deberá figurar polo prazo de un ano desde a concesión nun lugar visible da sede social da empresa e/ou reproducido na portada web vinculada á empresa”.

Ante a nula difusión pública das axudas concedidas a novas empresas ao abeiro da convocatoria de “Compostela Móvese 2017”, formúlase a seguinte pregunta:

Cantas axudas a novas empresas se teñen outorgado ao abeiro da convocatoria de “Compostela Móvese” do ano 2017, en que soporte gráfico se teñen publicitado e cal é a razón pola que as concesións de 2017 e de anos anteriores non se transparenten na Base de Datos Nacional de Subvencións do Ministerio de Facenda, como acontece con outras outorgadas polo Concello de Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2018



Manuel Martínez Varela
Concelleiro do Grupo Popular